

lificación de solar e demais condicións establecidas nas Normas, haberá de acceder á propiedade da parte que resta ata a aliñación. Se o propietario da parte que resta fose o Concello e estimase a conveniencia de que dita parte se adscriba ó Sistema Viario para ensanchar parcialmente as aceras peatonais e organizar localmente entrantes nos que instalar equipamentos urbanos, semi-prazas ou lugares de espaxamento e recreo, poderá denegar a solicitude de compra.

#### 2.3.4.2. Edificacións fora de aliñación

1. E aquela atravesada pola aliñación ou que non ten contacto con ela.

2. A edificación estará en situación de fora de ordenación xenérica coas consecuencias que da mesma se derivan.

#### 2.3.4.3. Edificacións fóra de ordenación

1. Considerarase como tal toda edificación de calquera tipo que sexa, que incumpra algunha das prescricións e limitacións que se estableza nestas Normas con respecto á ordenación e a edificación, agás que expresamente se inclúa no Catálogo de elementos suxeitos a protección.

2. No caso dunha edificación construída con licenza de execución anterior á aprobación definitiva das presentes Normas, se a contradición con estas reviste importante gravidade ou se existen precedentes de presunta violación da normativa no momento da súa execución poderá entón o Concello proceder á declaración expresa de edificación fóra de ordenación.

3. O acto de declaración expresa de edificación fóra de ordenación implica que só poderán autorizarse na mesma as mínimas obras de conservación necesarias para a seguridade do edificio, non permitíndose as de mellora ou ampliación, reservándose o Concello a posibilidade de proceder a súa demolición cando as circunstancias urbanísticas o aconsellen, asumindo o coste da operación e as indemnizacións a que houbese lugar, sen prexuízo da repercusión prevista na lexislación vixente.

A declaración expresa poderá simultanearse co acto de resolución de solicitude de licenza.

No caso de que o mantemento das partes da edificación que non estean conformes coas Normas Subsidiarias supuxese un prexuízo ou impedimento grave para o desenvolvemento das mesmas, ou implicase riscos de perigo ou de incumprimento das medidas de seguridade contidas nesta Normativa ou noutras normativas específicas, o Concello poderá levar a cabo a demolición das edificación fóra de ordenación costeando a operación e realizando a indemnización que corresponda ós propietarios e usuarios prexudicados, sen prexuízo así mesmo, da repercusión prevista na lexislación vixente.

4. Cando a inadaptación ás actuais Normas reguladoras da ordenación de volumes non sexa de grande magnitude nin supoña grave prexuízo ou perigo,

ou ben sexan debidas á aplicación de anteriores Normas ou Ordenanzas de Edificación que non teñen por que coincidir coa Normativa do presente documento, entenderase entón que este tipo de edificacións se atopan na situación xenérica de fóra de ordenación.

5. A situación xenérica de edificios fora de ordenación permite autorizar neles as necesarias obras de mellora e conservación; garantíndose o seu uso actual e a súa adecuación ós criterios técnicos de edificación da Normativa desta Norma Subsidiaria, aínda que non se poderán permitir ampliacións que supoñan un incremento de volume edificado.

No caso de edificación de nova planta, é decir, nas que a licenza de execución sexa posterior á data de aprobación definitiva das Normas e que manifestamente incumprira a Normativa que regula a ordenación de volumes, o Concello está no deber de proceder á inmediata suspensión da licenza de execución de obras e demais medidas previstas no artigo 253 da LS sen prexuízo da aplicación das correspondentes sancións por infracción urbanísticas que a mesma Lei do Solo establece.

## 2.4. NORMAS DE URBANIZACION

### 2.4.1. Normas Xerais de Urbanización

**Ambito.**- Serán de aplicación obrigatoria para a totalidade das redes de infraestructuras sanitarias e vías urbanas que se executen.

**Abastecemento de auga.**- A dotación mínima de auga potable en zonas residenciais será de 250 l/hab. e día e de 0,8 l/seg.Ha nas industriais.

As conducións situaranse a unha profundidade mínima de 0,60 m. e irán reforzadas con envolvente de formigón nos cruces de calzadas.

As tuberías de auga potable irán sempre a cota superior ás de saneamento. O alonxamento vertical mínimo entre ditas tuberías será de 0,30 mts.

As conexións ás tuberías mestras ou aneis principais de distribución dende as distintas edificacións faranse controladas, intercalando redes secundarias que conectarán con aquelas en puntos prefixados.

**Saneamento.**- Nos puntos baixos das rasantes das rúas instalaranse sumidoiros sifónicos cando as augas pluviais se conecten á rede de saneamento.- As acometidas á rede de saneamento serán controladas mediante conducións lonxitudinais ó longo das beirarrúas.- Non se permitirá ningún verquido directo ó mar ou a leitos públicos.- As instalacións de depuración deberán completarse para o seu verquido cun emisario submarino.

**Afirmado.**- O afirmado de rúas estruturarase coas seguintes capas indicativas: rodadura, base e sub-base.

### Disposición de servizos:

I. Estradas. Os servizos disporanse por ambos lados, fóra da calzada.

II. Rúas de nova apertura. As canalizacións de auga e servicios disporanse baixo as beirarrúas. O saneamento poderá desenvolverse polo centro da calzada cando a sección viaria sexa inferior a 8,00 metros.

III. Ampliación de rúas. Se a ampliación dunha rúa atinxe de maneira importante a súa composición, trazado e servicios urbanos, adoptaranse os criterios establecidos nas presentes Normas de Urbanización para as rúas de nova apertura.

#### 2.4.2. Verquidos en praias e costas

O verquido de augas residuais nas praias e costas en xeral regularase polo disposto na Resolución do Ministerio de Obras Públicas de 23 de abril de 1.969 e das Ordes Ministeriais de data 25 de febreiro de 1.970 e 29 de abril de 1977.

Todo iso sen prexuízo das competencias sobre verquidos de augas residuais ómar que corresponden á Comunidade Autónoma.

#### 2.4.3. Evacuación de augas e abastecemento de forma individual

En tanto non dispoñan de Plan Especial de Reforma Interior ou Mellora do Medio, as áreas cualificadas como solo urbano de entidades de poboación, polo carácter extensivo das edificacións poderán revolve-la evacuación de augas residuais mediante foxas sépticas e mediante pozo ou captación individual o abastecemento, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- Que o núcleo rural de que se trate non dispoña de rede de abastecemento de auga ou de sumidoiros, nin estea prevista a súa execución mediante proxecto de urbanización ou proxectos de obras ordinarias.
- Que non se teñan alcanzado os niveis previsto para os indicadores a que se refire o artigo 19.3 L.S.G..-
- Que se garantan no proxecto de edificación as condicións técnico sanitarias das instalacións en relación á parcela sobre a que se pretende edificar e ó seu entorno, cumprindo en todo caso as normas e estándares técnicos que esixa a lexislación vixente.
- Que o proxecto de edificación prevexa e xustifique suficientemente que a disposición das instalacións do edificio e das instalacións individuais de abastecemento e/ou evacuación e verquido permita as futuras conexións coas redes que se cheguen a implantar na vía pública á que a parcela dea fronte.

En tales casos, a captación de augas para usos domésticos deberá efectuarse nunha zona que non poida resultar contaminada. Será obrigatorio, se as condicións topográficas o permiten, que a foxa séptica se sitúe próxima á vía á que dea fronte a edifica-

ción. A separación mínima entre a foxa séptica e o punto de captación de auga será de 25 metros.

Nas zonas en que polas súas condicións de densidade residencial, poidan crearse problemas de salubridade coa solución individual da evacuación de augas residuais e do abastecemento, o Concello formará o Planeamento Especial contemplado nas presentes Normas.

#### 2.4.4. Enerxía eléctrica

A dotación mínima de enerxía eléctrica para usos domésticos será de 0,6 KW/H por habitante.

As liñas de distribución para o alumado público serán subterráneas e as correspondentes a uso doméstico poderán ser aéreas ou subterráneas.

#### 2.4.5. Alumado público

O nivel de iluminación das vías fixarase de acordo coa importancia do seu tráfico. A estes efectos os estándares de iluminación requeridos para o alumado público serán:

- a) En vías principais: 10 lux.,
- b) En vías secundarias: 5 lux.

#### 2.4.6. Plan Especial de Infraestructuras

Independentemente de que tódolos viais existentes, previtos neste documento ou que poidan surxir nun desenvolvemento posterior, (Plans parciais, Plans Especiais, etc.) debén axustarse ás Normas de Urbanización do apartado anterior (en canto se enumeran e coas características que se especifican) prevese a necesidade de redactar un Plan Especial de Infraestructuras, que de forma global contemple a resolución dos graves problemas que en canto a abastecemento de auga e evacuación-depuración-verquido, ten plantexados parte do Término Municipal, coordinado cos Plans e Proxectos da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia.

### 2.5 NORMAS DE TRAMITACION

#### 2.5.1. Licencias

##### ACTOS SOMETIDOS A LICENCIA

Estarán sometidos a licencia municipal previa tódolos actos de edificación.

Estarán suxeitos igualmente a licencia, os actos de uso do solo e subsolo, tales como:

1º As obras de construción de edificacións e instalación de tódalas clases de nova planta.

2º As obras de ampliación de edificios e instalacións de tódalas clases existentes.

3º As de modificación ou reforma que atinxan á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.

4º As de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.

5º As obras que modifiquen a disposición anterior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.

6º As obras de instalación de servicios públicos.

7º As parcelacións urbanísticas.

8º Os movementos de terra, tales como desmontes, explanación, excavación e terraplenado, salvo que tales actos estean detallados e programados como obras a executar nun Proxecto de Urbanización ou de Edificación aprobado ou autorizado.

9º A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral.

10º Os usos de carácter provisional a que se refire o artigo 136 da L.S.

11º O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de tódalas clases existentes.

12º A modificacións do uso dos edificios e instalacións en xeral.

13º A demolición das construcións salvo nos casos declarados de ruína inminente.

14º As instalacións subterráneas adicadas a aparcamentos, actividades industriais mercantís ou profesionais, servicios públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.

15º As cortas de árbores integrados en masa arborea que estea encravada dentro de ámbito das Normas Subsidiarias.

16º A colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública.

17º A colocación de andamios, apeos e cercas.

18º O cercado de solares.

19º Os restantes usos a que se refire no seu caso as ordenanzas particulares.

Cando os actos de edificación e uso do solo realizásen se por particulares en terreo de dominio público, esixírase tamén licenzia, sen prexuízo das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte do ente titular do dominio público.

As licenzias outorgáranse de acordo coas previsións da L.S., e os regulamentos que a desenvolvan. A L.S.G., as presentes Normas e demáis regulamentación en vigor.

### CONCESION DE LICENCIAS

A concesión de licenzia, agás os casos previstos na Lei do Solo, corresponde exclusivamente ó Concello.

### DENEGACION DE LICENCIAS

Toda denegación de licenzia terá que ser motivada.

### SOLICITUDE DE LICENCIA

A licenzia deberá solicitarse do Concello mediante a presentación da correspondente instancia e os requisitos que para cada caso concreto se especifiquen nestas Normas.

### TIPOS DE LICENCIA DE OBRA EN SOLO URBANO

Distínguense nas presentes Normas tres tipos de licenzias:

a) Licenzias de obras nova.

b) Licenzias de reforma e ampliación.

c) Licenzias de conservación.

**Obra nova.**- Denomínase obra nova á efectuada para a construción dun inmovible de nova planta ben sobre solar libre (no que non teña existido ningunha construción anterior), ben sobre solar procedente do derrubo dun edificio existente, ben como ampliación de edificios existentes, sempre que esta sexa en superficie de planta baixa.

**Reforma.**- Enténdese por reforma ou ampliación aquelas operacións de construción encamiñadas a modifica-lo edificio existente ben sexa para destinalo a uso distinto, ben por calquera outra causa. Distínguense dous subtipos:

a) Reformas e ampliacións estruturais: Se a súa realización implica modificación de elementos estruturais (modificación de estrutura, elevación de plantas), de fachada ou de cuberta: reestruturación, adición de planta, rehabilitación con substitución de elementos estruturais.

b) Reformas non estruturais: Se se limitan á redistribución de espazos interiores ou calquera outra operación que non atinxa a elementos estruturais, de fachada ou de cuberta: rehabilitación.

**Conservación.**- Denomínanse obras de conservación ás tendentes ó mantemento estético, funcional e constructivo do edificio. Distínguense dous subtipos:

A) Se afectan a elementos estruturais, de fachada ou de cuberta (revoco de fachadas ou cubertas, reparación de elementos ornamentais): restauración, consolidación.

B) Se non afectan a elementos estruturais, de fachada ou de cuberta (solados, pintura): conservación.

Todos estes tipos agrúpanse en dous:

— Licenzias de Obra Maior, que comprende os conceptos de Obra Nova, reforma e ampliacións estruturais e obras de conservación estruturais.

— Licenzia de Obra Menor, que comprende os conceptos de reforma non estrutural e obras de conservación non estruturais, regulándose estas pola ordenanza municipal correspondente.

### OBRAS DE DERRUBO

Denomínanse obras de derrubo ás efectuada con obxecto de destruír unha obra edificada, ben sexa por atoparse en estado ruinoso ben por outra razón calquera.

### SOLICITUDE DE LICENCIAS DE OBRA EN SOLO URBANO

A solicitude de licencia de obra maior deberá acompañarse de proxecto duplicado suscrito por un técnico competente sempre que a obra para a que se solicita permiso se inclúa nos artigos anteriores. Dito proxecto debe conter como mínimo os seguintes documentos:

1º Plano de situación.

2º Plano topográfico con curvas de nivel de metro en metro a escala mínima 1:500 en solo non urbanizable e 1:200 en solo urbano, onde se indiquen as aliñacións oficiais indicadas polos técnicos do Concello na solicitude de aliñación.

3º Certificado de cualificación urbanística.

4º Memoria.

5º Presupuesto.

6º Planos de proxecto a escala mínima 1:100. (En casos de ampliación ou reforma sinalaranse en liña continua as construcións existentes que se manteñan, en liña de trazo as que se teñan que derrubar).

7º Oficios das direccións facultativas de técnicos legalmente autorizados.- Non se concederá licencia se na documentación presentada non se indica o técnico encargado da dirección de obra.

### SOLICITUDE DE LICENCIA DE OBRA EN EDIFICIOS OBXECTO DE PROTECCION

Naquelas edificacións, conxuntos e espazos obxecto de protección específica no Catálogo Anexo deste documento ademais do dito no punto anterior, estarase ás determinacións do epígrafe 2.3.2.5."Protección de Bens Culturais e Naturais".

#### 2.5.2. Aliñacións

### SOLICITUDE

Cando se trata de obra de nova planta, ou reconstrucción, previo derrubo de obra vella, será condición inexcusable a solicitude previa de aliñación e rasanté, que, por outra parte, pode presentar calquera propietario de solar ou terreo dentro do Término Municipal, aínda cando non sexa inmediatamente seguida da solicitude de licencia de obra nova.- A concesión de aliñación non implica, en consecuencia, a licencia de construción.

### ESCALA

A aliñación darase sobre o plano do solar e zona inmediata, a escala 1:500, referindo os seus puntos característicos a outros fixos do terreo, de maneira que quede suficientemente determinada e materializándose sobre aquel mediante cravos ou estacas.

### SINALAMENTO

O acto de sinalamento de aliñación concorrerá a Delegación da Alcaldía, o Aparellador municipal e o dono do solar, por sí ou representado polo seu Apare-

llador. De non comparecer un calquera destes dous, sen ter previamente excusado e xustificado a súa ausencia, darase por non executado o acto, debendo aboar novos dereitos.

O solar estará libre e desembarazado de obstáculos para facilita-lo replanteo da liña.

O Técnico da propiedade asinará o exemplar do plano de aliñación e a acta, en sinal de conformidade, e o propietario recibirá a copia autorizada destes documentos.

### OUTRAS CARACTERISTICAS QUE DEBEN CONSTAR NA ACTA DE ALIÑACION

Igualmente constará na acta da aliñación:

1º A liña de edificación.

2º A profundidade edificable do solar.

3º A Norma que lle atinxa no que respecta á altura máxima e os usos autorizados.

#### 2.5.3. Obras sen licencia

### CONCEPTUALIZACION

As obras que se executen sen licencia ou que non se axusten ás condicións estipuladas na mesma, conceptualizaranse como obras abusivas e poderán ser suspendidas conforme ó disposto no artigo 248 e seguintes da LS e concordantes do Regulamento de Disciplina Urbanística.

### OBRAS SEN LICENCIA ACORDES COAS NORMAS

Cando unha obra abusiva construída sen licencia, cumpra as condicións destas Normas, o propietario poderá legaliza-la situación da mesma, no prazo que se fixe, mediante a oportuna solicitude e o pago de dereitos dobres dos ordinarios. As obras non poderán reanudarse ata que a legalización se teña consumado e os dereitos duplicaranse a cada reincidencia.

### OBRAS SEN LICENCIA DISCORDES COAS NORMAS

Cando a obra abusiva non cumpra os preceptos destas Normas ou as condicións fixadas na licencia, será demolida, ben polo propietario, dentro do prazo que para iso se fixe, ou polos servicios municipais e por conta do propietario, nas condicións establecidas polo Regulamento de Disciplina Urbanística.

#### 2.5.4. Obras de Urbanización e Edificación

### DANOS AS VIAS OU SERVICIOS MUNICIPAIS

Todo propietario que execute unha obra, de calquera natureza, será responsable ante o Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servicios municipais.

**OBRAS QUE AFECTEN A SERVICIOS PUBLICOS**

Se as obras que se executan atinxen a servicios de carácter xeral ou público, os propietarios comunicarán por escrito ás empresas correspondentes ou entidades administrativas, con oito días de antelación ó comezo das mesmas, en dito prazo ditas empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, do que serán responsables dende o remate do prazo anteriormente mencionado.

**AMOREAMENTO DE LIXOS E MATERIAIS**

Os lixos e amoreamentos de materiais, non poderán amontoarse na vía pública, nin apoiálos nas cercas ou muros de cerre.

**OBRAS DE CONSERVACION DE EDIFICIOS**

As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ó descuberto, aínda que non sexan visibles dende a vía pública, deberán conservarse nas debidas condicións de hixiene e ornato.

Obrigárase ós propietarios de calquera clase de edificacións a conservar tódalas partes da construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

Tódolos cidadáns teñen o dereito de denunciar ás autoridades municipais, os edificios que adolezan de falta de hixiene e ornato, ou aqueles que puideran ocasionar, por mal estado dos seus elementos compoñentes (remates, chemineas, cornixas, etc.) algún dano.

**ANDAMIOS E MATERIAL AUXILIAR**

Tódolos andamios auxiliares da construción, deberán executarse baixo a dirección facultativa competente e dotaráselles das precaucións necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caír á rúa, na que se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexa conveniente.

En toda clase de construción, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as precaucións de seguridade no traballo esixidas pola lexislación vixente. Dende o momento que transcorra un mes sen dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberán suprimirse a cerca e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.

**2.5.5. Derrubos****LICENCIA DE DERRUBO.**

1) Cando un propietario desexe proceder ó derrubado dun edificio, deberá solicitar a oportuna licenza municipal, acompañando Memoria suscrita por un facultativo competente, especificando os pormenores do edificio que teña que derrubarse e dos edificios colindantes, así como os planos que sexan necesarios para a súa aclaración. O Concello poderá fixar hora

e prazo en que teñan que verificarse os derrubos, para evitar danos e molestias á circulación, sendo obrigatorio, en todo caso, a colocación de cerca en todo o fronte que teña que derrubarse.

2) Queda prohibida a utilización de explosivos, agás casos moi especiais, que necesitarán autorización expresa.

**APEOS**

1) Cando por derrubado ou obras nunha edificación ou terreo sexa necesario apeala contigua, solicitarase licenza polo propietario desta, expresando nunha Memoria, asinada por facultativo legalmente autorizado, a clase de apeos que se vaian executar, acompañando os planos necesarios.— En caso de negativa de dito propietario a realiza-las obras de apeo, poderanse levar a cabo directamente polo dono da casa que se vaia demoler ou da edificación ou terreo onde vaian realizarse as obras, o cal deberá solicitar a oportuna licenza, co compromiso formal de sufragar, se procedese, a totalidade dos gastos que ocasione o apeo, sen prexuízo de que poida repartir os gastos ocasionados, con arreglo a Dereito. Cando as obras afecten a unha medianeiriá, estarase ó establecido sobre estas servidumes no Código Civil.

2) En todo caso, cando se vaia a comezar un derrubado ou vaciado importante, o propietario terá obriga de comunicalo, en forma "fehaciente", ós colindantes das fincas, por se deba adoptar algunha precaución especial.

3) En caso de urxencia, por perigo inminente, poderá disporse no acto, pola dirección facultativa da propiedade, os apeos ou obras convenientes, aínda que consistan en tornapuntas exteriores, dando conta inmediata ó Concello das medidas adoptadas para a seguridade pública, sen prexuízo de solicitar a licenza no prazo de 48 horas seguintes e aboar os dereitos que proceda. Igualmente, os técnicos municipais poderán esixir que se realicen os apeos ou obras que estimen necesarios.

**2.5.6. Valado de Obras**

1) En toda obra de nova planta, derrubado ou excavación de terreos e nas de reforma ou conservación que atinxan ás fachadas, haberá de colocarse un valo de protección de dous metros de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de dous metros da aliñación oficial. En todo caso, deberá quedar remetida do bordo, ó menos 0,60 metros, para permiti-lo paso de peóns.

2) Cando por circunstancias especiais non sexa aconsellable a aplicación de ditas Normas, o Técnico municipal correspondente fixará as características do valo podendo ordeala súa desaparación total no momento en que rematen os traballos indispensables en planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación dun andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e

ofreza as debidas seguridades para a circulación da vía pública.

3) Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou na súa montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase, durante as horas de traballo, a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta do perigo. Cando as características de tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

4) Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, o valo colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatorio cando estea construído o valado definitivo.

5) As instalacións de valos enténdense sempre por carácter provisional, en tanto dura a obra. Por iso dende o momento en que transcorra un mes sen dar comezo ás obras, ou estean interrompidas por un prazo igual, deberá suprimirse o valo e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.

#### 2.5.7. Edificios en estado ruinoso

Cando algunha construción ou parte dela estive-se en estado ruinoso, o Concello, de oficio ou a instancia de calquera interesado, declarará e acordará a total ou parcial demolición, previa audiencia do propietario e dos moradores salvo inminente perigo que o impidise. Iso sen prexuízo do previsto na L. de Patrimonio Histórico Español.

#### DECLARACION DE ESTADO RUINOSO

Declararase o estado ruinoso nos supostos establecidos polo artigo 247 da L.S.

#### OBRIGAS DO PROPIETARIO

Cando o edificio sexa declarado ruinoso, ben a instancia do propietario ou pola inspección municipal, aquel estará obrigado a executar, pola súa conta, as obras necesarias para que tal estado desapareza, iniciando as obras no prazo dun mes. Dentro deste prazo, o propietario poderá solicita-la demora do mesmo, acompañando á solicitude informe facultativo e baixo a súa responsabilidade.

Nos oito días seguintes ó remate do anterior prazo, reuniranse os arquitectos municipais e da propiedade e levantarase acta do acordo ou desacordo entre ámbalas partes resolvendo o Concello á vista da mesma.

As obras que resultasen necesarias, como consecuencia da acta de acordo ou da resolución do Concello, iniciaranse no prazo dunha semana e se o propietario se negase, a realización das obras necesarias para o seu apeo realizaraas o Concello a costa do obrigado.

#### RUINA INMINENTE

Se a ruina do edificio fose tan inminente que non dera tempo para cumprirlos trámites que o apartado anterior especifica, o arquitecto do propietario ou o do Municipio, poderán ordear-lo apuntalamento ou

derrubos precisos, dando conta inmediata á Alcaldía, podendo esta dispoñer o desaloxo do edificio en caso necesario. En todo caso, os gastos da obra serán de conta do propietario.

#### EDIFICIO RUINOSO NON SUSCEPTIBLE DE REFORZO

Cando os edificios ruinosos, non sexan susceptibles de reforzo ou estean situados fóra de liña ou rasante oficial, terán que demolerse. A demolición poderá ser efectuada polo municipio, a conta do propietario do inmovible se este se negase a efectualala.

#### PAGO DE DEREITOS MUNICIPAIS

O executa-las obras por calquera dos procesos que se derivan dos artigos anteriores non as exime do pago dos dereitos municipais correspondentes,

#### 2.5.8. Reparcelación e normalización de fincas

1) Os propietarios de terreos comprendidos nas presentes Normas poderán formular proxectos de normalización ou reparcelación, co fin de regularizar a configuración dos terreos da súa propiedade.

2) O Concello poderá toma-la iniciativa da normalización ou reparcelación dos solares que polos seus límites actuais ou como resultado das novas aliñacións, presentan forma irregular, e na forma establecida pola lexislación vixente. A reparcelación efectuarase agrupando tódolos solares ou terreos comprendidos na área obxecto de estudo. Os facultativos dos particulares ou do Municipio, realizarán o estudo de reparcelación, dentro dun prazo, que fixará en cada caso o Concello.

3) Os proxectos de reparcelación e de normalización de fincas, recibirán a tramitación prevista no Título III do Regulamento de Xestión Urbanística da Lei do Solo.

4) Cando entre os lindes laterais dun solar e a aliñación se formen ángulos inferiores a 50º, o Concello denegará as licencias de construción correspondentes, se previamente os propietarios colindantes non procederan á regularización dos seus solares, mediante a compensación de superficies e establecemento dunha liña divisoria perpendicular á aliñación da rúa. Non se contemplarán máis excepcións que as que deriven de situacións consolidadas por edificacións existentes axustadas ó planeamento nos restantes aspectos.

#### DISPOSICION FINAL

As determinacións contidas no presente documento non prexulgan as competencias exclusivas, que, pola lexislación vixente, veñan atribuídas ás distintas administracións sectoriais, tanto de orde autonómico, como estatal ou local.

Cambados, 9 de marzo de 1995.—O Alcalde, ilegible.